



## VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

ORDE do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia e ORDE do 30 de novembro de 2021 pola que se modifica a Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

A Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, do 1 de xullo, dispón no seu artigo 472.2 que por razóns de urxencia ou necesidade poderán nomearse funcionarios interinos, que desenvolverán as funcións propias dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en canto non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.

O artigo 489.1 da dita lei orgánica determina que o Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza serán competentes para o nomeamento de interinos, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, se é o caso, na disposición da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

Ao abeiro da devandita norma, ditouse o Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, que, no seu artigo 1.2, dispón que en todo o non previsto na citada lei orgánica e no propio regulamento se aplicará, con carácter supletorio, o establecido nas normas do Estado sobre función pública, sen prexuízo das disposicións complementarias que, no exercicio das competencias recoñecidas na Lei orgánica do poder xudicial, diten nestas materias as comunidades autónomas con traspasos recibidos, que en todo caso deberán respectar o establecido polo dito regulamento.

En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e asumida pola Xunta de Galicia a través do Decreto 438/1995, os funcionarios dos corpos de médicos forenses e mais dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial dependen organicamente da Comunidade Autónoma. Esta dependencia instruméntase a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á cal lle corresponden as competencias nesta materia, segundo o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se estableceu a súa estrutura orgánica.

Neste marco legal correspóndelle, por tanto, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regular con criterios obxectivos a selección e o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, criterios que deben estar baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade que tamén rexen na selección do persoal funcionario de carreira.

Polo anteriormente exposto, tras informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e logo de negociación coas organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Xustiza,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

#### *Artigo 1. Obxecto*

1. O obxecto desta orde é a regulación do procedemento de selección, formación, nomeamento e cesamento do persoal funcionario interino ao servizo da Administración de xustiza en Galicia para desempeñar as funcións legalmente reservadas aos corpos nacionais de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial.

2. Esta regulación comprende tamén a integración das persoas candidatas en bolsas de traballo e mais en bolsas de reserva.

#### *Artigo 2. Ámbito de aplicación*

1. As disposicións contidas nesta orde serán aplicables ao nomeamento de persoal interino para traballar en todos os centros de destino da Administración de xustiza radicados na Comunidade Autónoma de Galicia desempeñando funcións dos corpos xerais de funcionarios ao servizo da dita Administración.

2. Queda excluído do ámbito de aplicación desta orde o nomeamento dos secretarios e persoal dos xulgados de paz que non estean dotados con cadro de persoal ao servizo da Administración de xustiza.

### Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos do disposto nesta orde, entenderase por:

a) Bolsa de traballo: lista ordenada de candidatos seleccionados para seren designados funcionarios interinos, ordenados en función da puntuación obtida na valoración de méritos.

b) Bolsa de reserva: lista ordenada de candidatos non seleccionados nas bolsas de traballo, que poderán ser nomeados persoal funcionario interino de se esgotar a bolsa de traballo.

### Artigo 4. *Normas xerais*

1. De conformidade co disposto no punto 1 do artigo 489 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, poderase nomear persoal funcionario interino, por necesidades do servizo, cando non sexa posible, coa urxencia exigida polas circunstancias, a prestación por persoal funcionario de carreira, de acordo cos criterios obxectivos que se fixan na presente orde.

2. Tamén se poderá acordar o nomeamento de persoal interino de reforzo como medida de apoio cando, por causas obxectivas de carácter urxente e temporal, sexa necesario reforzar os cadros de persoal.

3. O nomeamento de persoal interino producirase de acordo coas necesidades do servizo e as dispoñibilidades orzamentarias.

4. A selección do persoal funcionario interino realizarase mediante convocatoria pública en que se garantirán os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

### Artigo 5. *Participación, información e seguimento*

1. Os sindicatos presentes na Mesa Sectorial de Negociación do Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza en Galicia participarán en todo o proceso de elaboración e selección dos integrantes da bolsa de interinos a través da Comisión Paritaria de Interinos, integrada por representantes destes sindicatos e da Dirección Xeral de Xustiza e xefaturas territoriais competentes en materia de xustiza, que velará pola súa aplicación e desenvolvemento.

2. En cada xefatura territorial constituirase, así mesmo, unha comisión de seguimento do funcionamento das bolsas, que deberá reunirse polo menos unha vez ao mes para analizar as peticións e levar o control da correspondente bolsa. Estas comisións estarán compostas por un representante da xefatura territorial e por un representante de cada un

dos sindicatos que conformen a Mesa Sectorial de Negociación do Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

3. A Comisión Paritaria de Interinos será a encargada da vixilancia, control e seguimento da correcta aplicación do contido na presente orde. Así mesmo, resolverá as cuestións interpretativas que poidan xurdir coa finalidade de aplicar criterios homoxéneos e evitar posibles contradicións.

4. As xuntas de persoal, como órganos colexiados, poderán solicitar a información que consideren precisa sobre os criterios seguidos nos expedientes de proposta e nomeamento de persoal funcionario interino, así como ter acceso informático ás bolsas ou, na falta deste acceso, obter as copias correspondentes.

5. Nas comisións a que se refire o presente artigo procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

## CAPÍTULO II

### Formación das bolsas

#### Artigo 6. *Bolsas de traballo e bolsas de reserva*

1. A selección dos que desexen ser chamados para cubrir postos con carácter temporal realizarase mediante a inclusión das persoas que acrediten máis méritos en bolsas de ámbito provincial. Os candidatos figurarán na zona de preferencia indicada na súa solicitude.

2. Cada bolsa estará integrada polos candidatos seleccionados, ordenados nunha lista en función da puntuación que obtivesen de conformidade co previsto no artigo 10 desta orde.

3. Formarase unha bolsa de traballo para cada un dos corpos de funcionarios, e seguindo a orde de lista desta bolsa, produciranse os nomeamentos como funcionario interino.

4. De se esgotar a bolsa de traballo, chamarase aos integrantes da bolsa de reserva.

5. No caso de se esgotar tamén a bolsa de reserva, e mentres non se formen novas bolsas, ofreceráselles a posibilidade de aceptar voluntariamente o nomeamento aos integrantes da bolsa do corpo inmediatamente superior, e subsidiariamente aos do corpo inmediatamente inferior que posúan os requisitos exixidos para o posto concreto. No caso de non existir ningún, poderase chamar aos solicitantes que, baremados, non fosen

incluídos na bolsa de reserva, e, por último, poderase acudir ás listas do servizo público de emprego da Comunidade Autónoma.

6. De se produciren baixas definitivas nas bolsas de traballo, serán cubertas polos integrantes da bolsa de reserva segundo a orde de puntuación inicial, de xeito que se manteña o número inicial de integrantes das bolsas. Pola súa vez, esta bolsa de reserva completárase cos solicitantes admitidos e que non foron incluídos, seguindo a orde de puntuación obtida.

#### Artigo 7. *Composición e vixencia das bolsas*

~~1. O número de integrantes das respectivas bolsas determinarase na correspondente convocatoria, aplicando as seguintes porcentaxes en relación cos cadros de persoal vixentes:~~

~~a) Postos reservados ao corpo de xestión procesual e administrativa: para a bolsa de traballo, un 15 % dos postos, e para a de reserva, un 7 %.~~

~~b) Postos reservados ao corpo de tramitación procesual e administrativa: para a bolsa de traballo, un 19 % dos postos, e para a de reserva, un 10 %.~~

~~c) Postos reservados ao corpo de auxilio xudicial: para a bolsa de traballo, un 31 %, e para a de reserva, un 16 %.~~

~~A modificación das porcentaxes sinaladas só se poderá producir durante a vixencia da orde mediante acordo da Comisión Paritaria.~~

1. O número de integrantes das respectivas bolsas determinarase na correspondente convocatoria, logo de negociación, tendo en consideración distintas variables, como o número postos totais en cada provincia, o número de persoal funcionario nomeado na data de publicación da convocatoria ou as necesidades previstas durante o tempo de vixencia das bolsas que se convocan.

2. Reservarase o 7 % dos postos de cada bolsa para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

3. As bolsas terán unha vixencia de dous anos, salvo que por modificacións legislativas ou por circunstancias especiais sexa necesario realizar unha nova convocatoria. Así mesmo, por culpa de contaren as bolsas con suficiente número de integrantes para cubrir os postos en réxime de interinidade ou por outras circunstancias especiais, a súa vixencia poderá ser prorrogada. Tanto a convocatoria anticipada coma a duración da prórroga requirirá a consulta previa da Comisión Paritaria de Interinos.

## Artigo 8. *Condicións xerais dos candidatos*

1. O persoal aspirante a formar parte das bolsas deberá reunir na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa convocatoria, os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ter 16 anos de idade, bardante que na convocatoria se estableza a idade mínima de 18, e non ter alcanzada a idade de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido condenado por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de tres anos, a menos que se obtivese a cancelación de antecedentes penais ou a rehabilitación.
- d) Non ter sido inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, salvo que fose debidamente rehabilitado.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo dunha Administración pública.
- f) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o exercicio da función pública na Administración de xustiza.
- g) Figurar inscrito no servizo público competente como demandante de emprego ou como mellora de emprego, agás que se atope traballando ou estea nas bolsas de interinos da Administración de xustiza.
- h) Non padecer defecto físico ou enfermidade psíquica ou física, ou calquera outra circunstancia que o incapacite para o desempeño das tarefas propias do corpo en que se solicite a inclusión.
- ~~i) Non ter sido cesado como persoal interino por falta de capacidade ou rendemento nos últimos tres anos na bolsa de interinos do corpo respectivo.~~

Os requisitos requiridos para formar parte da bolsa de interinos serán exixibles, así mesmo, desde o nomeamento, e ata o seu cesamento, como persoal funcionario interino. No suposto de que non se reúnan estes requisitos, producirase o cesamento do interino e a exclusión da correspondente bolsa.

2. Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de persoas con discapacidade deberán ter recoñecida a condición legal de discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 %, así como acreditar a compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes ao corpo a que se presenten mediante certificado ou informe expedido para o efecto polo órgano competente.

#### Artigo 9. *Condicións específicas dos candidatos*

1. Os candidatos deberán posuír, ou estar en condicións de obter antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a titulación que se exixiu na última convocatoria publicada no BOE para acceder como persoal funcionario de carreira ao corpo de que se trate. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, débese estar en posesión da documentación que acredita a homologación.

~~2. Ademais das titulacións requiridas para cada corpo, exixírase ter aprobado algún exercicio das probas selectivas de calquera das dúas últimas convocatorias de oposicións para o acceso ao corpo en cuxa bolsa solicita ser incluído, ou ter prestados servizos no corpo ao que se pretende acceder durante un período mínimo de seis meses, requisitos que deberán posuír os solicitantes antes de finalizar o prazo de presentación de instancias.~~

3. Para a inclusión nas bolsas dos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa deberase acreditar experiencia na utilización do procesador de tratamento informatizado de textos. Considérase acreditada esta experiencia para aquelas persoas que, incluídas nas dúas últimas bolsas de traballo ou de reserva, desempeñasen durante polo menos seis meses, en calquera delas, postos de xestor ou tramitador na Administración de xustiza. Así mesmo, considerarase acreditada esta experiencia para aquelas persoas que superaron probas sobre o procesador de tratamento informatizado de textos en procesos selectivos para o ingreso nas administracións públicas, así como para aquelas que presenten unha certificación ou un diploma acreditativo expedido por un centro de formación recoñecido oficialmente, ou por un organismo ou institución oficiais ou organización sindical. Deberase indicar a norma de homologación ou recoñecemento e achegarse canda a instancia.

#### Artigo 10. *Ordenación dos interesados nas bolsas*

##### ~~1. Baremación.~~

~~O persoal aspirante que reúna as condicións establecidas nos artigos anteriores será seleccionado e ordenado na correspondente bolsa en función da baremación dos seus méritos.~~

~~En calquera caso, as persoas solicitantes que durante o prazo de presentación de solicitudes acrediten que aprobaron todos os exercicios de calquera das oposicións realizadas ao corpo a que se opta desde a última convocatoria das bolsas terán dereito a ser incorporadas directamente á correspondente bolsa de traballo, na cal quedarán colocadas, se non posúen máis méritos ca os sinalados neste artigo, na orde correspondente á puntuación que obtivesen pola superación dos exercicios destas oposicións, de conformidade co disposto no seguinte punto 1º.~~

~~Valoraranse e baremaranse os seguintes méritos:~~

~~1º. Probas de acceso:~~

~~a) Superación de exercicios das últimas oposicións realizadas para o corpo a que se opta, concepto polo cal se poderá obter unha puntuación máxima de 23 puntos:~~

~~— Para os corpos de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial: 7 puntos por cada exercicio superado da última oposición. Puntuación máxima: 14 puntos.~~

~~— Para o corpo de xestión: 5 puntos polo primeiro exercicio, 5 puntos polo segundo exercicio e 4 puntos polo terceiro exercicio, todos eles correspondentes á última oposición. Puntuación máxima: 14 puntos.~~

~~— Para todos os corpos: 3 puntos por cada exercicio superado na penúltima oposición. Puntuación máxima: 9 puntos.~~

~~b) Superación de exercicios doutras oposicións de Xustiza, concepto polo cal se poderá obter unha puntuación máxima de 5 puntos:~~

~~— Por calquera exercicio superado nas tres últimas oposicións dos distintos corpos da Administración de xustiza, excepto se xa se valorou conforme o disposto na anterior letra a): 1 punto.~~

~~Puntuación máxima desta epígrafe 1º: 28 puntos.~~

~~2º. Tempo de servizos prestados:~~

~~0,25 puntos por cada mes completo de servizo como funcionario interino da Administración de xustiza naquel corpo funcional onde solicite ser incluído, computándose a antigüidade desde o 1.1.1992.~~

~~Puntuación máxima desta epígrafe 2º: 30 puntos.~~



3º. Coñecemento da lingua galega:

- Certificado Celga 4 ou equivalente: 4 puntos.
- Curso de linguaxe xurídica de nivel medio: 8 puntos.
- Curso de linguaxe xurídica de nivel superior: 12 puntos.

Puntuación máxima desta epígrafe 3º: 12 puntos.

Só se valorará o curso de maior nivel dos presentados. Tampouco se lles valorarán os cursos de iniciación e perfeccionamento aos solicitantes que acrediten o curso básico de linguaxe xurídica.

4º. Formación complementaria:

a) Formación informática:

— Grao en Informática ou en Enxeñaría Informática, licenciatura en Informática ou estudos universitarios equivalentes: 1 punto.

— Título de técnico superior de formación profesional ou equivalente; título universitario oficial de diplomatura en Informática, en Enxeñaría Técnica Informática de Xestión ou en Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas; ou certificado de ter superados 180 créditos en estudos de grao de Enxeñaría Informática ou estudos universitarios equivalentes: 0,5 puntos.

Puntuación máxima desta epígrafe 4º.a): 1 punto.

b) Cursos de formación continua:

— Cursos de formación continua de informática, 0,010 puntos por hora lectiva, ata un máximo de 1 punto.

— Cursos de formación continua relacionados coa Administración de xustiza: 0,010 puntos por hora lectiva, ata un máximo de 2 puntos.

Puntuación máxima desta epígrafe 4º.b): 3 puntos.

5º. Titulación académica:

a) Pola licenciatura ou grao en Dereito: 4 puntos.



b) ~~Pola licenciatura, diplomatura ou grao en Ciencias Políticas e da Administración, Ciencias do Traballo, Relacións Laborais, Xestión e Administración Pública, Graduado Social ou Criminoloxía: 2 puntos.~~

~~De igual modo, pola superación dos tres primeiros cursos da licenciatura en Dereito ou pola obtención de 180 créditos de grao en Dereito ou noutra titulación universitaria equivalente adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior (nestes casos será necesario o correspondente certificado que o acredite, expedido pola autoridade competente): 2 puntos.~~

~~Puntuación máxima desta epígrafe 5º: 6 puntos.~~

## ~~2. Criterios de valoración dos cursos:~~

a) ~~Os cursos de igual o similar contido só se computarán unha vez e non se valorarán outros cursos da mesma área de coñecemento coa mesma ou similar denominación ou o mesmo ou similar contido, aínda que se trate de convocatorias diferentes.~~

b) ~~Non se valorarán cursos cunha antigüidade superior aos 5 anos.~~

c) ~~Non se valorarán os cursos respecto dos cales non conste o número de horas e os de duración igual ou inferior a 5 horas lectivas.~~

d) ~~Só se computarán os títulos, diplomas ou certificados que acrediten coñecementos obtidos en cursos de formación continua impartidos por organismos públicos competentes en materia de formación de persoal empregado público, así como os cursos impartidos polas centrais sindicais cando formen parte do Acordo de formación continua nas administracións públicas.~~

~~3. No suposto de empate, desfarase pola maior puntuación obtida seguindo a orde establecida neste artigo. De continuar o empate, terase en conta a puntuación obtida no primeiro exercicio das últimas oposicións realizadas para o corpo a que se opta, e, na súa falta, ou de persistir o empate, observarase a prioridade alfabética comezando pola letra correspondente á última oferta de emprego para os corpos da Administración de xustiza.~~

## ~~1. Baremación.~~

O persoal aspirante que reúna as condicións establecidas nos artigos anteriores será seleccionado e ordenado na correspondente bolsa en función da baremación dos seus méritos.

Valoraranse e baremaranse os seguintes méritos:

1º. Probas de acceso:

a) Superación de exercicios das últimas oposicións realizadas para o corpo a que se opta, concepto polo cal se poderá obter unha puntuación máxima de 24 puntos:

– Para o corpo de xestión: 5 puntos por cada exercicio superado da última oposición. Puntuación máxima: 15 puntos.

– Para o corpo de tramitación procesual e administrativa: 5 puntos por cada exercicio superado da última oposición. Puntuación máxima: 15 puntos.

– Para o corpo de auxilio xudicial: 8 puntos por cada exercicio superado da última oposición. Puntuación máxima: 16 puntos.

– Para todos os corpos: 3 puntos por cada exercicio superado na penúltima oposición. Puntuación máxima: 9 puntos.

b) Superación de exercicios doutras oposicións de Xustiza, concepto polo cal se poderá obter unha puntuación máxima de 5 puntos:

– Por calquera exercicio superado nas tres últimas oposicións dos distintos corpos da Administración de xustiza, excepto se xa se valorou conforme o disposto na anterior letra a): 1 punto.

Puntuación máxima desta epígrafe 1ª: 29 puntos.

2º. Tempo de servizos prestados:

0,25 puntos por cada mes completo de servizo como funcionario interino da Administración de xustiza naquel corpo funcional onde solicite ser incluído.

0,15 puntos por cada mes completo de servizos como funcionario interino da Administración de xustiza nun corpo funcional superior a aquel onde solicite ser incluído.

0,10 puntos por cada mes completo de servizos como funcionario interino da Administración de xustiza nun corpo funcional inferior a aquel onde solicite ser incluído.

Puntuación máxima desta epígrafe 2ª: 40 puntos.

### 3º. Coñecemento da lingua galega:

- Certificado Celga 4 ou equivalente: 6 puntos.
- Curso de linguaxe xurídica de nivel medio: 12 puntos.
- Curso de linguaxe xurídica de nivel superior: 18 puntos.

Puntuación máxima desta epígrafe 3ª: 18 puntos.

Só se valorará o curso de maior nivel dos presentados. Tampouco se lles valorarán os cursos de iniciación e perfeccionamento aos solicitantes que acrediten o curso básico de linguaxe xurídica.

### 4º. Formación complementaria:

- Cursos de formación, con contido principal de carácter xurídico: 0,010 puntos por hora lectiva, ata un máximo de 2,5 puntos.
- Cursos de formación en informática: 0,010 por hora lectiva, ata un máximo de 1,5 puntos.

Puntuación máxima desta epígrafe 4ª: 4 puntos.

### 5º. Titulación académica:

a) Pola licenciatura en Dereito ou polo grao en Dereito cun máster con contido de carácter xurídico en Dereito: 6 puntos.

b) Polo grao en Dereito: 5 puntos.

c) Pola licenciatura en Ciencias do Traballo, Ciencias Políticas e da Administración, Criminoloxía ou polo grao en Ciencias do Traballo, Ciencias Xurídicas e das Administracións Públicas, Ciencias Políticas e da Administración, Relacións Laborais e Recursos Humanos ou en Criminoloxía cun máster relacionado cos contidos do correspondente grao: 4 puntos.

d) Polo grao en Ciencias do Traballo, Ciencias Xurídicas e das Administracións Públicas, Ciencias Políticas e da Administración, Relacións Laborais e Recursos Humanos ou en Criminoloxía: 3 puntos.

e) Pola superación dos tres primeiros cursos da licenciatura en Dereito ou pola obtención de 180 créditos de grao en Dereito: 2 puntos.

f) Por outras licenciaturas ou graos cun máster relacionado cos contidos do correspondente grao: 1 punto.

g) Por outras diplomaturas, graos, título universitario oficial de Mestre, Arquitectura Técnica ou Enxeñaría Técnica: 0,5 puntos.

Puntuación máxima desta epígrafe 5ª: 6 puntos.

## 2. Criterios de valoración dos cursos:

a) Non se valorarán os cursos cunha antigüidade superior aos 5 anos.

b) Os cursos de igual ou similar contido só se computarán unha vez e non se valorarán outros cursos da mesma área de coñecemento coa mesma ou similar denominación ou o mesmo ou similar contido, aínda que se trate de convocatorias diferentes.

c) Non se valorarán os cursos respecto dos cales non conste o número de horas, os de duración igual ou inferior a 10 horas lectivas, nin os derivados de procesos selectivos, diplomas de participación en xornadas, simposios, seminarios e similares.

d) Só se computarán os cursos recibidos e acreditados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da correspondente convocatoria, homologados ou impartidos polo Ministerio de Xustiza ou consellerías competentes en materia de xustiza, polo ministerio e consellerías competentes en materia de educación, polo Sistema universitario español, polo Instituto Nacional da Administración Pública ou polos órganos competentes en formación das comunidades autónomas, por outros axentes promotores dentro do marco do Acordo de formación para o emprego ou polos servizos públicos de emprego.

3. No suposto de empate, desfarase pola maior puntuación obtida seguindo a orde establecida neste artigo. De continuar o empate, terase en conta a puntuación obtida no primeiro exercicio das últimas oposicións realizadas para o corpo a que se opta, e, na súa falta, ou de persistir o empate, observarase a prioridade alfabética comezando pola letra correspondente á última oferta de emprego para os corpos da Administración de xustiza.

## Artigo 11. *Convocatoria das bolsas*

1. A dirección xeral competente en materia de xustiza é o órgano competente para a convocatoria e constitución das bolsas.

2. A convocatoria para a formación das bolsas publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, na web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais na intranet de Xustiza.

~~3. As solicitudes presentaranse no prazo, forma e lugar que indicará a resolución da convocatoria.~~

~~4. As persoas solicitantes deberán contar con calquera dos mecanismos de identificación e de sinatura, de ser o caso, admitidos pola Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX: <http://opax.xunta.es>). Ademais, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia (Notifica.gal: <https://www.xunta.gal/notifica>).~~

3. As solicitudes presentaranse en todo caso telematicamente, no prazo e na forma que se indicarán na resolución da convocatoria.

4. As persoas solicitantes deberán contar cos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos pola Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia (Notifica.gal:<https://www.xunta.gal/notifica>).

5. O persoal interino que se atope traballando cando se realice a convocatoria terá a obriga de presentar a correspondente solicitude aos corpos a que queira optar, incluído o corpo en que estea prestando servizos, se posúe a titulación e demais requisitos esixidos.

## Artigo 12. *Composición das listas e aprobación das bolsas*

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Administración puntuará as solicitudes conforme o baremo establecido no artigo 10 desta orde.

2. O persoal admitido figurará nunha lista provisional ordenada seguindo a orde alfabética. En canto ao non admitido, indicárase a causa da exclusión.

Na citada lista provisional figurará, así mesmo, a puntuación dos aspirantes tanto admitidos coma non admitidos.

3. As listas provisionais publicáranse na web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais na intranet de Xustiza, mediante resolución asinada electronicamente.

4. As persoas interesadas terán dez días hábiles desde a publicación das listas provisionais para reclamar, de conformidade co establecido na resolución da convocatoria, sobre calquera dos datos contidos na lista ante o órgano que realizou a convocatoria, pero sen poder invocar nin acreditar outros méritos distintos aos alegados na solicitude.

5. Cando finalice o prazo previsto no punto anterior, a dirección xeral competente en materia de xustiza publicará na forma e lugares establecidos no punto 3 deste artigo as correspondentes listas resultantes para cada corpo e provincia, ordenadas por puntuación.

6. Cada aspirante só poderá formar parte dunha única bolsa, corpo e provincia, polo que, no caso de que un aspirante, tras a publicación das listas previstas no punto 5, estea incluído en bolsas de distinto corpo, ou en varias provincias da mesma bolsa, deberá seleccionar aquela única en que desexe quedar. Se non o fai, entenderase que desiste de todas as súas solicitudes. A dita elección deberá realizarse no prazo, forma e lugar que indicará a resolución da convocatoria.

7. Cando finalice o prazo previsto no punto 6, a dirección xeral competente en materia de xustiza aprobará as bolsas definitivas de persoas seleccionadas para cada corpo e provincia, ordenadas por puntuación, que se publicarán na forma e lugares establecidos no punto 3 deste artigo.

### Artigo 13. *Cursos de formación*

1. Para aqueles integrantes das bolsas que non teñan completados, polo menos, seis meses de servizo efectivo como persoal interino no respectivo corpo dentro dos últimos cinco anos inmediatamente anteriores á data de resolución da correspondente convocatoria, establecerase a obriga da realización dun curso de formación, que constará dunha proba que se cualificará de apto ou non apto.

A non realización do curso suporá a exclusión da persoa interina da correspondente bolsa en que estea incluída.

A non superación da proba suporá a necesidade de repetila por unha única vez máis. De non superala, a persoa interina será excluída da correspondente bolsa.

2. Os cursos, que poderán ser en liña, presenciais ou mixtos, serán gratuítos; no entanto, serán por conta dos participantes os gastos de locomoción e similares, sen que en ningún caso a obrigatoria asistencia aos cursos orixine ningunha indemnización a favor dos participantes.

## Artigo 14. *Período de prácticas*

1. Os aspirantes das bolsas que non teñan completados, polo menos, seis meses de servizos efectivos no respectivo corpo nos cinco anos inmediatamente anteriores á data de publicación da convocatoria das bolsas e que sexan nomeados terán a consideración de interinos en prácticas.

2. O período de prácticas terá unha duración de dous meses desde o nomeamento, tempo que se computará de forma continuada ou en períodos acumulables. Durante este período de prácticas terán os mesmos dereitos retributivos ca o resto de persoal interino.

3. Finalizado o período de prácticas, o/a responsable funcional, nas súas funcións de colaboración coa dirección xeral competente en materia de xustiza, emitirá un informe sobre o rendemento do/da interino/a. O informe favorable implicará a superación do período de prácticas, quedando daquela o/a aspirante integrado/a con carácter definitivo na bolsa correspondente, ou, no caso de que continúe prestando servizos, producíndose a renovación automática do seu nomeamento como funcionario/a interino/a.

4. No momento en que se formalice un novo nomeamento sen que transcorrese o período máximo de dous meses, a correspondente xefatura territorial procederá a comunicar ao/á responsable funcional a existencia do dito período de prácticas, coa extensión e alcance destas.

~~5. No caso de que o informe do/da superior funcional sexa desfavorable, a xefatura territorial iniciará o correspondente expediente contradictorio, no cal se poderán solicitar outros informes, e o/a aspirante a interino/a afectado/a poderá presentar as alegacións e propoñer as probas que ao seu dereito conveñan no prazo de cinco días hábiles desde que lle fose notificado o inicio do expediente. Se a xefatura territorial estiver conforme co informe do/da superior funcional, resolverá a non superación de período de prácticas, co conseguinte cesamento no posto e a exclusión definitiva da bolsa. Para estes efectos, seguiranse os trámites previstos no artigo 22 desta orde.~~

5. No caso de que o informe do/da superior funcional sexa desfavorable, a xefatura territorial iniciará o correspondente expediente contradictorio, no cal se poderán solicitar outros informes, e a persoa afectada como aspirante interina poderá presentar as alegacións e propoñer as probas que ao seu dereito conveñan no prazo de cinco días hábiles desde que lle fose notificado o inicio do expediente. Se a xefatura territorial estiver conforme co informe do/da superior funcional, resolverá a non superación de período de prácticas, co conseguinte cesamento no posto e a exclusión definitiva da bolsa.





### Artigo 15. Chamamento para un posto concreto

Efectuarase segundo os seguintes criterios:

1. Respetarase a orde de puntuación establecida na respectiva bolsa.

2. Se o chamamento corresponde a unha persoa que estea traballando como interina nos corpos xerais da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, pasaralle a vez e conservará o mesmo posto na bolsa.

### Artigo 16. Exclusión das bolsas

1. Se a persoa a quen lle corresponde o chamamento para un posto concreto coincidente coa zona de preferencia non acepta o seu nomeamento, non presenta en prazo a documentación prevista nesta orde ou non se presenta para tomar posesión, entenderase que renuncia ao nomeamento e quedará excluída da bolsa.

2. Non procederá a exclusión da bolsa cando a persoa seleccionada demostre e poña en coñecemento da correspondente xefatura territorial as seguintes situacións:

a) Incapacidade temporal xustificada mediante parte de baixa médica, ou documento similar, expedido por un facultativo da Seguridade Social que acredite a situación de incapacidade o día en que se produce o chamamento.

b) Maternidade, se a renuncia se produce entre o quinto mes de embarazo e a décimo oitava semana posterior ao parto.

c) Coidado de fillos menores de tres anos de idade ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, enfermidade ou accidente non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acredite a convivencia cos devanditos fillos ou familiar.

d) Adopción ou acollida, se a renuncia se produce dentro das dezoito semanas seguintes á chegada do adoptado ou acollido ao novo fogar. Este prazo ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do/da adoptado/a ou acollido/a; de igual xeito, no caso de adopcións ou acollidas múltiples tamén se ampliará en dúas semanas máis por cada suxeito causante a partir do segundo fillo/a.

Nos supostos de adopción internacional, se for necesario o desprazamento previo ao país de orixe do/da adoptado/a ou acollido/a, este prazo poderá incrementarse en ata tres meses.

~~e) Incoación de dilixencias xudiciais, nos casos de violencia sobre a muller, en que estea incurso como denunciante.~~

~~f) Actividade profesional, no sector público ou privado. Neste caso o dereito á suspensión do chamamento só se poderá exercer unha vez.~~

~~3. En todos os supostos relacionados no punto anterior, bardante do caso previsto na letra a), a persoa interesada deberá ter solicitada e autorizada a suspensión de chamamentos con anterioridade a que estes se produzan, para o cal deberá presentar ante a xefatura territorial correspondente a documentación acreditativa necesaria. Así mesmo, cando desapareza a causa, a persoa interesada comunicarllo á xefatura territorial no prazo máximo de cinco días hábiles para a súa reincorporación ao seu posto na bolsa respectiva. Esta reincorporación producirase de modo efectivo o día seguinte hábil ao da recepción da solicitude. Sen prexuízo do anterior, as persoas en situación de suspensión temporal previstas nas alíneas a) e f) deberán acreditar cada tres meses que persiste a situación que xustificou a suspensión; de non o faceren, serán expulsadas da bolsa, o que se lles comunicará mediante o sistema de notificación electrónica.~~

~~Os efectos da suspensión produciranse desde o décimo día natural seguinte ao da presentación da correspondente solicitude ante a xefatura territorial; momento en que, de non ter denegada expresamente a súa solicitude, entenderase autorizada.~~

2. Non procederá a exclusión da bolsa cando a persoa seleccionada demostre e poña en coñecemento da correspondente xefatura territorial as seguintes situacións:

a) Incapacidade temporal xustificada mediante parte de baixa médica ou documento similar, expedido por un facultativo da Seguridade Social que acredite a situación de incapacidade o día en que se produce o chamamento.

b) Maternidade, se a renuncia se produce durante o embarazo e o período de permiso que recoñeza para estes efectos a lexislación vixente. A persoa proxenitora diferente á nai biolóxica, se a renuncia se produce durante o período de permiso que recoñeza para estes efectos a lexislación vixente.

c) Coidado de fillos menores de tres anos de idade ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, enfermidade ou accidente non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acredite a convivencia cos devanditos fillos ou familiar.

d) Adopción ou acollida, se a renuncia se produce durante o período permiso que recoñeza para estes efectos a lexislación vixente.

e) Casos de violencia sobre a muller, acreditados conforme o establecido no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

f) Actividade profesional, no sector público ou privado. Neste caso, o dereito á suspensión do chamamento só se poderá exercer unha vez.

3. Nos supostos establecidos nas letras c) e f), a persoa interesada deberá ter solicitada electronicamente e autorizada a suspensión de chamamentos con anterioridade a que estes se produzan, para o cal deberá presentar ante a Xefatura Territorial correspondente a documentación acreditativa necesaria. Os efectos da suspensión produciranse desde o día seguinte hábil ao da presentación da correspondente solicitude electrónica ante a Xefatura Territorial, momento en que, de non ter denegada expresamente a súa solicitude, se entenderá autorizada.

As persoas en situación de suspensión temporal previstas nas alíneas a) e f) deberán acreditar cada tres meses que persiste a situación que xustificou a suspensión; de non o faceren, serán expulsadas da bolsa, o que se lles comunicará mediante o sistema de notificación electrónica.

En todos os supostos relacionados no punto 2 deste artigo, cando desapareza a causa da suspensión temporal, a persoa interesada comunicarllo electronicamente á Xefatura Territorial no prazo máximo de cinco días hábiles, para os efectos de solicitar a súa reincorporación ao seu posto na bolsa respectiva. Esta reincorporación producirase de modo efectivo o quinto día hábil seguinte ao da presentación da correspondente solicitude electrónica.

4. Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que o soliciten. Serán igualmente excluídos, en calquera momento de vixencia da bolsa, os que deixen de reunir as condicións previstas nesta orde, a non ser que aleguen algunha causa xustificada que sexa acollida favorablemente pola comisión de seguimento, así como tamén aqueles que soliciten o cesamento voluntario no posto onde estean a traballar, salvo que sexa para traballar noutro posto na Administración de xustiza (neste último caso, aplicarase o disposto nos números 2 e 3 anteriores).

Así mesmo, serán excluídas das bolsas as persoas preseleccionadas que non cumpran coa obriga de comunicar a súa participación na oferta de prazas da súa zona de preferencia, aínda que as prazas ofertadas sexan cubertas polos outros preseleccionados, xa que se entenderá que rexeitan o chamamento.

### CAPÍTULO III

#### Solicitudes, nomeamentos e cesamentos de interinos

##### Artigo 17. *Causas para o nomeamento de persoal interino*

1. Poderá nomearse persoal funcionario interino para ocupar temporalmente postos vacantes ou que provisionalmente non poidan ser desempeñados polo seu titular.

2. Tamén se poderá acordar o nomeamento de persoal interino de reforzo como medida de apoio cando, por causas obxectivas de carácter urgente e temporal, sexa necesario reforzar os cadros de persoal.

3. En todo caso, o nomeamento de persoal interino terá un carácter excepcional e subsidiario, ao cal se poderá recorrer cando non exista outra medida máis efectiva para paliar as consecuencias de situacións de ausencia de funcionarios titulares ou cando haxa necesidade de nomear reforzos.

4. Como norma xeral, non serán cubertos por persoal interino os postos de traballo vacantes ou cuxa desocupación se acredite de longa duración, entendendo esta como aquela que supere os 3 meses.

##### Artigo 18. *Peticións e nomeamento de persoal interino para cubrir situacións de ausencia de persoal funcionario titular*

Cando se produza a necesidade de cubrir interinamente un posto de traballo, o/a superior funcional do órgano deberá formular a correspondente solicitude de cobertura a través da OPAX, seleccionando a opción que corresponda e gravándoa, logo de cubrir todas as súas epígrafes (en caso contrario, a solicitude será rexeitada sen máis trámites). Unha vez gravada a solicitude, pasará automaticamente a estar dispoñible na bandexa de entrada da correspondente xefatura territorial, que a rexistrará e lle dará continuidade ao trámite. O estado de tramitación de todas as peticións estará, desde a súa gravación, dispoñible para o órgano solicitante na epígrafe de consulta de solicitudes do/da superior funcional na OPAX.

##### Artigo 19. *Peticións e nomeamento de persoal interino de reforzo*

1. Cando, por circunstancias conxunturais, un órgano, servizo ou unidade da Administración de xustiza soporte unha carga de traballo extraordinaria, ou unha demora excepcional nos procedementos que non aconsellen acordar prolongacións de xornada aceptadas voluntariamente polo persoal funcionario, a dirección xeral competente en materia de xustiza poderá acordar o nomeamento de persoal interino de reforzo, sempre que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

2. A solicitude de persoal interino de reforzo deberá ser formulada polo/a superior funcional do órgano ou servizo petionario a través da OPAX. Na solicitude deberá cubrirse un plan de actuación, no cal se indicarán expresamente os obxectivos para cumprir e mais o tempo de duración estimado do reforzo.

3. A dirección xeral competente en materia de xustiza informará das peticións de nomeamento de persoal interino de reforzo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, co obxecto de que a Sala de Goberno deste poida informar acerca de se considera xustificada a medida de apoio solicitada e, se for o caso, estableza a prioridade que se lles deba dar ás distintas peticións existentes. No caso das oficinas fiscais, este informe solicitarase da Fiscalía Superior da comunidade autónoma e, no caso do Instituto de Medicina Legal de Galicia, da persoa responsable da dirección.

4. Para os efectos de valorar a concesión da medida de reforzo, a dirección xeral competente en materia de xustiza utilizará principalmente os seguintes criterios:

a) Xustificación da carga de traballo que soporta a unidade solicitante e comparanza con outro órgano equivalente.

b) Acreditación dunha específica situación conxuntural que xustifique a medida.

c) Existencia de indicadores de verificación que permitan avaliar os resultados da medida de reforzo.

d) Existencia de anteriores medidas de reforzo e resultado destas.

O plan de actuación do órgano solicitante deberá expoñer, como mínimo, o indicado nas letras a), b) e c).

5. Tamén se poderá nomear provisionalmente persoal interino de reforzo namentres se tramita o proceso de aumento do cadro de persoal dun órgano, servizo ou unidade, sempre que tal nomeamento estea xustificado en causas estruturais e non meramente conxunturais ou esporádicas. Este nomeamento terá, en todo caso, un carácter excepcional.

6. O nomeamento do persoal interino de reforzo será por unha duración máxima de seis meses, con posibilidade de prórroga para o suposto de que non se cumpran os obxectivos fixados no plan de actuación, o que deberá ser xustificado debidamente polo responsable funcional do órgano, servizo ou unidade. En todo caso, solicitarase da Sala de Goberno, do/da fiscal superior ou do/da director/a do Instituto de Medicina Legal un informe semestral dos reforzos existentes, para valorar a súa continuidade ou non.

En ningún caso a duración do reforzo, incluídas as posibles prórrogas, poderá superar o prazo de 3 anos.

7. O nomeamento de persoal de reforzo farase de igual modo ca o nomeamento de persoal interino do artigo 18.

#### Artigo 20. *Procedemento para o nomeamento de persoal interino*

1. Autorización de nomeamento de persoal interino. A dirección xeral competente en materia de xustiza procederá, se é o caso, á autorización do nomeamento de persoal interino de acordo coas necesidades do servizo e as dispoñibilidades orzamentarias.

2. O proceso de selección e chamamento de candidatos, así como da aceptación por estes das prazas ofertadas, será telemático. Este proceso divídese en tres fases:

a) Anuncio da oferta de prazas e chamamento de candidatos. Os mércores –ou, de non poder ser, o día seguinte hábil–, ata as 14.00 horas, publicarase a relación de prazas que, autorizadas para a dotación con interino, fosen solicitadas ata as 9.00 horas do día hábil anterior, coa indicación de se se trata dunha praza vacante, de reforzo ou desocupada, así como tamén do motivo da desocupación. Así mesmo, publicarase a relación de persoas preseleccionadas para cubrir aquelas segundo a orde de prelación que resulta do artigo 10 desta orde, cunha ratio de dúas persoas por cada praza ofertada.

Esta ratio de dúas persoas só se respectaría no caso de que haxa cando menos un candidato da zona de preferencia correspondente para cada unha das prazas ofertadas. Nos demais casos, e para garantir a cobertura das prazas, o sistema informático seleccionará as seguintes persoas dispoñibles dentro da respectiva bolsa de acordo coa súa posición, ata chegar á primeira que asegure o chamamento. De non haber ningún candidato da zona de preferencia da praza ofertada, atenderase ao fixado no punto 3 da disposición adicional segunda desta orde, ata que se regularice a situación.

A publicación realizarase a través do portal de servizos web OPAX, accesible desde a web da consellería competente en materia de xustiza na forma prevista no punto 3 deste artigo.

b) Aceptación de prazas ofertadas. As persoas incluídas na relación de preseleccionadas disporán dun termo, que irá desde a publicación ata as 14.00 horas do día seguinte hábil, para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazas (establecendo entre elas a orde de preferencia no caso de aceptar varias) ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. A comunicación de cada participante deberá conter, como mínimo, todas as prazas que sexan da súa zona de preferencia. A aceptación será obrigatoria para a zona de preferencia, sendo soamente posible modificar a orde de preferencia na elección. De non comunicar a súa

participación, e aínda que as prazas sexan cubertas polos outros participantes, entenderase que rexeita a oferta e, polo tanto, será excluído da bolsa. Esta comunicación realizarase electronicamente a través do portal de servizos web OPAX, accesible desde a web da consellería competente en materia de xustiza na forma prevista no punto 3 deste artigo. De non se efectuar a comunicación da aceptación antes de que venza o dito termo, considerarase que a persoa preseleccionada non acepta ningunha das prazas ofertadas.

c) Publicación das persoas seleccionadas. Os luns –ou, de non poder ser, o día seguinte hábil–, ata as 14.00 horas, publicarase, na forma prevista no punto 3 deste artigo, a relación de prazas que foron autorizadas para dotación de interinos e as persoas que resultaron seleccionadas.

3. Para o desenvolvemento do proceso previsto no punto anterior, tanto as publicacións coma as comunicacións dirixidas ás persoas interesadas se realizarán a través do portal de servizos web OPAX, accesible desde a web da consellería competente en materia de xustiza. Os usuarios poderán obter da aplicación informática a confirmación dos trámites realizados.

En caso de avaría do sistema poderán enviar as súas solicitudes por fax, así como presentalas no rexistro da correspondente xefatura territorial.

Segundo o permita o desenvolvemento da tecnoloxía que soporta este proceso, a dirección xeral competente en materia de xustiza poderá aprobar o establecemento doutros mecanismos de acceso electrónico e telecomunicación.

4. Consonte o previsto no artigo 16 desta orde, as xefaturas territoriais da consellería competente en materia de xustiza notificaránlles electronicamente a súa exclusión das bolsas de persoal interino ás persoas que a través do dito proceso fosen chamadas para aceptar todas as prazas da súa zona e non as aceptasen expresamente, feito este que determina o referido resultado. As prazas non cubertas serán incluídas na seguinte oferta de prazas, salvo que se considere necesario aplicar o previsto no punto 6 deste artigo.

5. Desde a publicación das persoas seleccionadas, estas disporán dun prazo máximo de tres días hábiles para tomaren posesión ante a xefatura territorial competente, en cuxo momento presentarán, como requisito inescusable, os seguintes documentos:

a) Declaración responsable ou documento xustificativo de non teren sido condenadas por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de tres anos, a non ser que obtivesen a cancelación dos antecedentes penais ou a rehabilitación.

b) Declaración responsable ou documento xustificativo de non teren sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública, e de non estaren inhabilitadas para o desempeño das funcións públicas, agás que fosen debidamente rehabilitadas.

c) Declaración responsable de non se acharen incursas en causa de incompatibilidade para o exercicio da función pública na Administración de xustiza.

d) Certificado médico, emitido en data non anterior aos tres meses precedentes, que acredite que non padecen defecto físico ou enfermidade psíquica ou física que as incapacite para o desempeño do posto de traballo ao que se opta.

e) Para aqueles postos en que así se determine, declaración responsable de que non foron condenadas en sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexuais. A dita declaración debe ou ben comprender a autorización expresa para que a Administración poida comprobar en calquera momento a súa veracidade ou ben estar acompañada da certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

6. Nos supostos en que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente, ou cando polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas sexa necesaria a súa cobertura de forma urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderase realizar telefonicamente desde o momento en que se produza a necesidade.

O chamamento seguirá a orde da bolsa. O prazo para tomar posesión nestes nomeamentos urxentes será de 24 horas desde a comunicación telefónica coa persoa interesada, quen deberá presentar, no prazo de tres días contados desde a toma de posesión, a documentación a que fai referencia o punto 5 deste artigo; de non cumprir con este requisito, poderá ser cesada e excluída da correspondente bolsa.

Na OPAX quedarán rexistrados os datos das chamadas efectuadas, incluíndo o número de reintentos de chamada á mesma persoa, respecto dos cales se gardará o día e hora da chamada. O sistema permitirá a consulta de todos os nomeamentos urxentes realizados, con indicación da causa que os motivou.

#### Artigo 21. *Cesamento do persoal interino*

O persoal interino nomeado ao abeiro do disposto no artigo 18 desta orde cesará cando se provexa definitivamente a vacante, se incorpore efectivamente o/a titular da praza ou se provexa temporalmente o posto de traballo por outro/a funcionario/a de carreira de acordo cos procedementos de provisión legalmente



establecidos. Así mesmo, cesará por finalización das necesidades do servizo ou urxencia que motivaron o seu nomeamento.

2. O cesamento terá efectos no momento da incorporación efectiva do/da funcionario/a de carreira, de ser o caso.

~~3. Naqueles órganos que non estean incluídos nunha relación de postos de traballo, e no caso de que sexan varios os interinos do mesmo corpo que estean a desempeñar postos de traballo, para determinar que persoa debe cesar aplicaranse os seguintes criterios:~~

~~a) As persoas que non formen parte das respectivas bolsas de traballo ou de reserva cesarán con preferencia aos integrantes das ditas bolsas.~~

~~b) As persoas da bolsa de reserva cesarán con preferencia aos integrantes das bolsas de traballo.~~

~~c) Se hai funcionarios interinos que leven máis de 18 meses no mesmo órgano, cesará aquel que leve máis tempo traballando nel.~~

~~d) Se non hai ningún interino no mesmo órgano que leve máis de 18 meses, cesará o que leve menos tempo nel.~~

~~En caso de producirse un empate na aplicación dos criterios anteriores, cesará a persoa que teña peor posición na bolsa definitiva na data de publicación desta.~~

~~Os anteriores criterios non se aplicarán no caso de persoal interino que se reincorpore tras unha incapacidade temporal ou licenza por maternidade, debendo cesar neste caso aquel que fose nomeado con causa na dita incapacidade ou maternidade.~~

3. Naqueles órganos que non estean incluídos nunha relación de postos de traballo, e no caso de que sexan varias as persoas interinas do mesmo corpo que estean a desempeñar postos de traballo, para determinar que persoa debe cesar aplicaranse os seguintes criterios:

a) As persoas que non formen parte das respectivas bolsas de traballo ou de reserva cesarán con preferencia a aquelas integrantes das ditas bolsas.

b) As persoas da bolsa de reserva cesarán con preferencia ás integrantes das bolsas de traballo.

c) Se hai persoas interinas que leven máis de 18 meses no mesmo órgano, cesará aquela que leve máis tempo traballando nel.

d) Se non hai ningunha persoa interina no mesmo órgano que leve máis de 18 meses, cesará quen leve menos tempo nel.

En caso de producirse un empate na aplicación dos criterios anteriores, cesará a persoa que teña peor posición na bolsa definitiva na data de publicación desta.

Os anteriores criterios non se aplicarán no caso de persoal interino que se reincorpore tras un permiso, licenza ou situación administrativa que comporte reserva de posto; neste caso deberá cesar aquel interino que fose nomeado con causa no dito permiso, licenza ou situación administrativa.

4. O persoal interino nomeado ao abeiro do disposto no artigo 19 desta orde cesará por expiración do prazo ou da causa pola cal fora nomeado.

No caso de se reducir unha medida de reforzo nun órgano no cal haxa máis dun funcionario interino de reforzo con idéntica data de finalización de nomeamento, aplicaranse os criterios de orde de cesamento previstos no punto 3 deste artigo.

5. Ademais, para os interinos nomeados ao abeiro tanto do artigo 18 coma 19 desta orde acordarase o cesamento:

a) Por falta ou falsidade inicial ou sobrevida dalgún dos requisitos exixidos ou das circunstancias alegadas para a súa inclusión na bolsa.

b) Por sanción de falta grave ou moi grave imposta por vía disciplinaria, de acordo co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e mais no Regulamento xeral de réxime disciplinario do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 796/2005, do 1 de xullo.

c) Por alcanzar a idade legal de xubilación, excepto que se acorde a prolongación de permanencia no servizo activo.

~~d) Por manifesta falta de capacidade que lle impida cumprir coas funcións asignadas e manifestada nun rendemento insuficiente, de conformidade co establecido no artigo seguinte.~~

e) Por supresión dunha praza no centro de destino.

f) Por desdotación orzamentaria.

g) Por renuncia voluntaria.

h) Por non realizar ou non superar o curso de formación obrigatorio ou non superar o período de prácticas.

i) Por non presentación da certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais ou non autorización á Administración para obtela, no caso de que para o posto sexa necesaria.

j) Por supostos de violencia sobre a muller, acoso ou acoso laboral, acreditados por resolución xudicial.

k) Por calquera outra causa prevista nesta orde e no resto de normativa vixente.

6. Cando se produza o cesamento dun funcionario interino, colocarse ao final da correspondente bolsa, agás no caso de que non acadase os 180 días de servizo entre todos os destinos servidos durante os nomeamentos realizados ao abeiro da bolsa vixente que nunca fosen computados para estes efectos. Os servizos prestados refírense a nomeamentos xerados para o mesmo corpo en que cesan.

#### ~~Artigo 22. Cesamento do interino por falta de capacidade ou rendemento~~

~~1. O/a directora/a funcional ou, se é o caso, o/a letrado/a da Administración de xustiza do órgano respectivo, o/a fiscal competente ou o/a directora/a ou subdirector/a do Imelga poderanlle propoñer á dirección xeral competente en materia de xustiza, a través da xefatura territorial correspondente, o cesamento do/da funcionario/a interino/a por algunha das seguintes causas, e sempre que non sexa causa de apertura de expediente disciplinario:~~

~~a) Cando manifeste unha evidente falta de capacidade que lle impida cumprir con eficacia as funcións asignadas.~~

~~b) Cando mostre un rendemento insuficiente.~~

~~2. A proposta de cesamento será motivada e será remitida á correspondente xefatura territorial, quen incoará expediente administrativo e lla notificará á persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, presente as alegacións que considere oportunas. Para este efecto, e por pedimento do/da interesado/a, porase á súa disposición a documentación durante o mesmo prazo, no transcurso do cal poderá achegar a documentación que considere oportuna e propoñer proba sobre as circunstancias que motivan a proposta.~~

~~3. A xefatura territorial daralles traslado por correo electrónico da proposta de cesamento e das alegacións recibidas ás organizacións sindicais sinaladas no artigo 5, as cales no prazo de dez días naturais poderán efectuar por correo electrónico as consideracións e propoñer as probas que consideren procedentes.~~

~~4. A xefatura territorial competente, unha vez practicadas as probas consideradas pertinentes, enviaralle o correspondente informe, con todo o expediente, á dirección xeral competente en materia de xustiza.~~

~~5. A persoa titular da dirección xeral resolverá, tras proposta da subdirección xeral competente en materia de recursos humanos.~~

~~6. Independentemente de que durante a tramitación do expediente o/a funcionario/a interino/a cese no posto que ocupaba ao iniciarse o expediente, este seguirá o seu curso.~~

~~No caso de que a resolución que poña fin ao expediente determine a falta de capacidade ou de rendemento do interino, este será cesado, se é o caso, no posto que estea a desempeñar e será excluído definitivamente da correspondente bolsa.~~

~~7. A duración do procedemento establecido neste artigo non pode exceder seis meses contados desde a data de incoación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, producirase a súa caducidade. Non se producirá a caducidade se o expediente foi paralizado por causa imputable á persoa interesada.~~

#### Artigo 23. Vinculación e eficacia temporal dos nomeamentos

1. A vinculación xurídica e económica do persoal funcionario interino coa consellería competente en materia de xustiza comeza desde o momento da súa toma de posesión e extinguirase na data do seu cesamento.

2. Os nomeamentos realizados segundo o disposto no artigo 18 desta orde non vinculan a persoa seleccionada co posto concreto que orixinou o seu nomeamento, salvo que este se atope incluído nunha relación de postos de traballo.

3. A regra prevista no punto anterior non será de aplicación ao persoal interino de reforzo.

#### Disposición adicional primeira. Cambio de domicilio

1. Para garantir que non se produzan desequilibrios nas bolsas, durante a vixencia destas só se permitirá unha vez o cambio de bolsa provincial por petición do persoal interesado.

2. Cando unha persoa interina pertencente ás bolsas para postos reservados aos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza constituída noutra comunidade autónoma ou xerencia fixe o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma galega

poderá solicitar a inclusión nunha bolsa provincial desta comunidade. Para o efecto, achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados, do seu cesamento e do novo domicilio.

~~3. A persoa solicitante será baremada segundo o disposto nesta orde, computándose os méritos na data de convocatoria das bolsas previstas nela. Segundo a puntuación obtida, incluirase ao final da bolsa que corresponda, sempre que acade a puntuación do último integrante do corpo en que solicite a súa inclusión. A inclusión terá lugar no momento en que se produza unha exclusión que o permita, sempre que non se alteren as percentaxes indicadas na correspondente convocatoria, nos termos indicados no artigo 7 da presente orde.~~

3. A persoa solicitante, que deberá acreditar o cumprimento dos requisitos previstos nesta orde na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da última convocatoria, será baremada segundo o disposto nela, computándose os méritos na data da última convocatoria das bolsas previstas nela. Segundo a puntuación obtida, incluirase ao final da bolsa que corresponda, sempre que acade a puntuación da última persoa integrante do corpo en que solicite a súa inclusión. Esta inclusión terá lugar no momento en que se produza unha exclusión que o permita, sempre que non se altere o número de integrantes indicado na correspondente convocatoria, nos termos indicados no artigo 7 da presente orde.

#### Disposición adicional segunda. *Zonas de preferencia*

1. Estableceranse na correspondente convocatoria –sen prexuízo de que a dirección xeral competente en materia de xustiza directamente, atendendo á mellor prestación do servizo público, as modifique– as seguintes zonas de preferencia dentro da mesma provincia, zonas ás cales poden optar os solicitantes e que estes deberán sinalar na súa solicitude, xa que, en caso contrario, esta solicitude será rexeitada sen máis trámites:

- Provincia da Coruña:
  - Zona 1: comprende A Coruña, Betanzos, Carballo, Ferrol e Ortigueira.
  - Zona 2: comprende Santiago de Compostela, Ordes, Arzúa, Negreira, Corcubión, Muros, Noia, Ribeira e Padrón.
- Provincia de Lugo:
  - Zona 1: comprende Lugo, Viveiro, Vilalba, Mondoñedo e A Fonsagrada.



– Zona 2: comprende Lugo, Chantada, Sarria, Becerreá e Monforte de Lemos.

• Provincia de Ourense:

– Zona 1: comprende Ourense, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande.

– Zona 2: comprende Ourense, Xinzo de Limia, Verín, A Pobra de Trives e O Barco de Valdeorras.

• Provincia de Pontevedra:

– Zona 1: comprende Pontevedra, Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Marín, A Estrada e Lalín.

– Zona 2: comprende Vigo, Cangas, Redondela, Pontearreas, Tui e O Porriño.

2. En todo caso, a comisión provincial de interinos respectiva, atendendo á efectividade das bolsas e unha vez examinadas as solicitudes, poderá establecer unha bolsa única de ámbito provincial na cal quedarán integrados obrigatoriamente todos os solicitantes da correspondente provincia.

3. De se esgotaren dentro dunha bolsa os integrantes dunha zona concreta de preferencia, os pertencentes dentro da mesma provincia a outra zona de preferencia estarán obrigados, coas consecuencias que se sinalan nesta orde, a aceptar o chamamento para a outra zona de preferencia.

Disposición adicional terceira. *Obligatoriedade de relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos*

O persoal interino e as persoas que figuren incluídas nas bolsas de traballo e de reserva estarán obrigados a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, así como a recibir por medios electrónicos as notificacións e comunicacións que se lles dirixan, para o que deberán formalizar as correspondentes altas nos sistemas habilitados pola Administración para estes efectos.

Para dar cumprimento ás obrigas derivadas desta orde, tanto o persoal interino que estea prestando servizos coma as persoas que figuren incluídas nas vixentes bolsas de traballo e reserva disporán do prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta norma no *Diario Oficial de Galicia*, para formalizaren a alta no sistema Notific@. Finalizado o dito prazo, a Administración creará, de oficio, o enderezo habilitado único daquel persoal que non tramitase a alta no sistema Notific@ .

Disposición adicional cuarta. *Persoal de reforzo afectado polo proceso de consolidación de prazas*

1. As previsións establecidas na presente orde respecto da duración máxima do nomeamento do persoal de reforzo non serán de aplicación a aqueles reforzos que superen os tres anos ininterrompidos e estean incursos no proceso de consolidación as correspondentes prazas.

2. Unha vez creadas as prazas, que poderán selo en distinto centro de destino da localidade, o dito persoal de reforzo quedará adscrito a estas en canto non sexan provistas polo correspondente sistema de provisión definitiva.

Disposición transitoria única.

Mentres non entren en vigor unhas novas bolsas, ás persoas que soliciten a inclusión nas vixentes ao abeiro do previsto na disposición adicional primeira da Orde do 4 de outubro de 2018 seranlles de aplicación os requisitos e méritos establecidos na dita orde con anterioridade á presente modificación.

Así mesmo, no caso do persoal seleccionado a través do Servizo Público de Emprego en aplicación do previsto no punto 5 do artigo 6, en canto non entren en vigor unhas novas bolsas, será baremado conforme os méritos establecidos na devandita orde antes da presente modificación.

Disposición transitoria primeira. *Réxime provisional do nomeamento do persoal interino*

Mentres non sexan aprobadas e publicadas as bolsas de traballo definitivas con suxeición ás normas contidas nesta orde, seguirase nomeando persoal interino para os postos dos corpos xerais de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza das bolsas constituídas consonte a Orde do 28 de novembro de 2013.

Disposición transitoria segunda. *Efectos da entrada en vigor das novas bolsas*

As novas bolsas entrarán en vigor para todos os efectos desde a data de publicación das bolsas definitivas, de conformidade co disposto no punto 7 do artigo 12, quedando automaticamente anuladas as anteriores. Con todo, o persoal incluído en bolsas anteriores que no momento da constitución das novas se atope prestando servizos como persoal funcionario interino poderá continuar no seu posto de traballo ata o seu cesamento.

Disposición transitoria terceira. *Persoal funcionario interino que se atope traballando á entrada en vigor das novas bolsas*



Confederación Intersindical Galega

XUSTIZA

Os nomeamentos de persoal funcionario que estean vixentes no momento de se constituíren as novas bolsas manteranse ata que se produza o seu cesamento, que se regulará conforme a normativa establecida nesta orde. Se o persoal funcionario que cesa forma parte dunha nova bolsa constituída ao abeiro da presente orde, pasará a ocupar o posto que lle corresponda nesta, de acordo coa puntuación obtida na baremación de méritos.

#### Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 28 de novembro de 2013 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, agás respecto do previsto na disposición transitoria primeira desta orde.

#### Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de xustiza para ditar cantas instrucións e resolucións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos quince días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Alfonso Rueda Valenzuela Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustizagina